

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	3
<i>Prácticas remuneradas</i>	3
<i>Emprego</i>	4
<i>Financiamento</i>	6
Participación dos cidadáns	9
<i>Iniciativas lexislativas</i>	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Propostas lexislativas</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	12
Procesos por infracción contra España	13
Estatísticas do Eurostat	15
<i>Indicadores económicos</i>	15
<i>Outros datos</i>	15
Documentos do Tribunal de Contas da UE	17
Sondaxes do Eurobarómetro	18
Suxestións bibliográficas	19
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	19
<i>Outras obras</i>	20
Actividades do CEDE	21

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido Álvaro Irimia López.

ACTUALIDADE

Apoio á Ucraína

A presidenta da Comisión Europea, a alemá Ursula von der Leyen, viaxou a Kiev co presidente do Consello Europeo, o portugués António Costa, na véspera do cuarto aniversario da invasión a grande escala da Ucraína por Rusia. Ambos os líderes comunitarios mostraron o seu apoio á Ucraína. • Os representantes da UE esperaban poder anunciar durante a viaxe novas medidas de axuda á Ucraína, so a forma de novas sancións contra Rusia e un préstamo de 90 mil millóns de euros a Kiev, mais o veto no Consello do goberno húngaro impediu que iso acontecese.

Comunicado de prensa sobre a viaxe [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre o veto húngaro [no *The Guardian*](#) (en inglés).

Presenza da Comisión Europea no Consello da Paz

A Comisión Europea enviou a comisaria para o Mediterráneo, a croata Dubravka Šuica, como representante informal no Consello da Paz creado polo presidente dos EUA, Donald Trump. A presenza da Comisión na reunión da organización internacional privada, onde se trataron asuntos como Palestina, recibiu críticas dos grupos parlamentarios socialdemócrata, liberal e verde na eurocámara, dalgúns estados membros e de antigos altos funcionarios comunitarios como o español Josep Borrell. Pola súa vez, a Comisión defendeu a súa decisión alegando que era necesaria por causa dos investimentos que viña facendo en Gaza.

Máis información [no *EUobserver*](#) e [no *Politico*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Normas sobre emisións de CO₂

O Parlamento Europeo adoptou definitivamente a meta climática da UE para 2040: unha redución de 90 % das emisións de gases de efecto invernadoiro en comparación cos niveis de 1990, con algunha flexibilidade. Nunha sesión plenaria en Estrasburgo, o Parlamento Europeo apoiou esta ambiciosa meta climática por 413 votos contra 226, xuntamente con medidas que permiten flexibilidade, incluíndo a posibilidade de compra de créditos de carbono fóra do continente. A meta debe aínda ser aprobada polo Consello.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento da UE](#).

Máis información no [Le Monde](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Investimentos en infraestruturas enerxéticas

Comisión Europea aprobou, ao abrigo das regras da UE en materia de axudas estatais, un réxime de auxilio de 3.100 millóns de euros para España, destinado a apoiar a produción de electricidade a partir de centrais de coxeración de alta eficiencia, novas ou substancialmente renovadas. Espérase que esta axuda contribúa á implementación do Plano Nacional Integrado de Enerxía e Clima de España, do Pacto para a Industria Limpa, e das metas da UE en materia de eficiencia enerxética.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Asilo, refuxio e inmigración

A Comisión Europea presentou unha **nova estratexia** quinquenal para a migración. Esta estratexia debe orientar o futuro traballo da UE en materia de asilo e migración, con prioridades concretas, nomeadamente o apoio á redución das chegadas irregulares e a promoción de vías legais de acceso á UE. A Comisión considera que ambos os aspectos son esenciais para o funcionamento eficaz do sistema de migración e asilo, e para o desenvolvemento das sociedades e economías da UE. • O Parlamento Europeo aprobou modificacións aos regulamentos da UE que definen o que constitúe un «país terceiro seguro» e deu luz verde á creación da primeira lista comunitaria de países de orixe considerados como tales, incluíndo Colombia, Marrocos e Exipto. As novas regras, xuntamente coa nova lexislación sobre devolucións, facilitarán, entre outras cousas, o envío de migrantes para centros no estranxeiro por parte dos estados membros. As modificacións lexislativas, que xa foran acordadas polas institucións comunitarias, teñen aínda de ser adoptadas polo Consello.

Comunicado de prensa sobre a estratexia para a migración [no sitio da Comisión](#).

Comunicado de prensa sobre as modificacións lexislativas [no sitio do Parlamento da UE](#).

Máis información sobre as modificacións lexislativas [no EuroEFE](#).

Oposicións xerais ás institucións da UE

O EPSO — o servizo de selección de persoas da UE — convocou as súas primeiras **oposicións xerais** en sete anos para a categoría AD5 (a de acceso máis habitual ás institucións comunitarias para persoas graduadas). Para esta convocatoria, a EPSO reformulou o exame, tornándoo máis simple. O novo formato permite ás persoas demandantes realizaren o exame en liña nas 24 linguas da UE. Nesta edición das oposicións, prevese que se inscriban entre 50.000 e 60.000 demandantes para as 1.490 prazas da lista de reserva. O prazo de inscrición, que é gratuíta, acaba ás 12h do 10 de marzo.

Páxina da convocatoria [na páxina do EPSO](#).

Máis información [no Euronews](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo de Policía \(Europol\)](#). Prazo até 5 de marzo.
- [Autoridade Europea dos Seguros e Pensións de Xubilados \(EIOPA\)](#). Prazo até 9 de marzo.
- [Axencia do GNSS Europeo \(GSA\)](#). Prazo até 10 de marzo.
- [Ombudsman da UE](#). Prazo até 13 de marzo.
- [Consello da UE](#). Prazo até 19 de marzo.
- [Instituto da Propiedade Intelectual da UE \(EUIPO\)](#), antigo Instituto de Harmonización do Mercado Interno (OHIM). Prazo até 31 de marzo.

Emprego

Procesos de selección de funcionarios permanentes

- Procesos de selección da EPSO para funcionarios permanentes en institucións, organismos e axencias da UE. Prazo até 10 de marzo.

Procesos de selección de persoal contratado (CAST)

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado (CAST). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE. Varios prazos.
- Outros procesos de selección da EPSO. Prazo até 9 de marzo.
- Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos. Varios prazos.
- Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess. Varios prazos.
- Servizo Europeo para a Acción Externa (EEAS). Varios prazos.
- Servizo Europeo de Policía (EuroPol). Varios prazos.
- Axencia Europea para a Seguranza da Aviación (EASA). Varios prazos.
- Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados (ESMA). Varios prazos.
- Axencia Ambiental Europea (EEA). Varios prazos.
- Axencia Europea de Defensa (AED, EDA). Varios prazos.
- Axencia Executiva para as peme (EISMEA). Varios prazos.
- Instituto Comunitario das Variedades Vexetais (ENISA). Varios prazos.
- Empresa Común para os Chips. Varios prazos.
- Autoridade Europea dos Seguros e Pensións de Xubilados (EIOPA). Prazo até 2 de marzo.
- Axencia Executiva para a Investigación (REA). Prazo até 3 de marzo.
- Centro de Tradución dos Organismos da UE (CdT). Prazo até 9 de marzo.
- Axencia de Asilo da UE. Prazo até 10 de marzo.

- Axencia da UE para o Programa Espacial (EUSPA). Prazo até 10 de marzo.
- Axencia Europea de Xestión da Cooperación Operacional nas Fronteiras Externas (FRONTEX). Prazo até 11 de marzo.
- Axencia Europea de Seguraza Marítima (EMSA). Prazo até 12 de marzo.
- Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE). Prazo até 16 de marzo.
- Empresa común para o ITER e o desenvolvemento da enerxía de fusión (Fusion for Energy, F4E). Prazo até 17 de marzo.

Financiamento

Investigación e innovación

- IA para a automatización da enxeñaría. Prazo até 3 de marzo.
- RAPTOR 2026. Prazo até 12 de marzo.
- DIGI4ECO. Prazo até 15 de marzo.
- Solucións de intelixencia terrestre con IA. Prazo até 15 de marzo.
- Solucións de intelixencia terrestre con IA. Prazo até 15 de marzo.
- UPSTREAM. Convocatoria #01. Prazo até 16 de marzo.
- Potencial comercial da investigación financiada polo CEI. Prazo até 17 de marzo.
- Farm2Fok. Convocatoria 02 en dúas fases 2026. Prazo até 14 de abril.
- Horizonte Europa. Dixital 2026. Prazo até 15 de abril.
- Asociación para o Hidróxeno Limpo 2026. Prazo até 15 de abril.
- Biodiversidade. Convocatoria 01 en dúas fases 2026. Prazo até 16 de abril.
- Iniciativa Innovadora en Saúde #012. Prazo até 21 de abril.
- Empresa Común Redes e Servizos Intelixentes. Prazo até 29 de abril.
- IA segundo SRIA 2026. Prazo até 7 de maio.
- Convocatoria global RIA 2026. Prazo até 7 de maio.
- EU-RAIL JU 2026-01. Prazo até 7 de maio.
- EIC 2026 Pathfinder Open. Prazo até 12 de maio.
- BlueActionAA. Prazo até 29 de maio.
- Enerxía renovable en comunidades enerxéticas. Prazo até 25 de xuño.
- Solo e fenómenos meteorolóxicos extremos. Prazo até 23 de setembro.
- Acordo sobre o solo para Europa. Prazo até 23 de setembro.
- Cidades Intelixentes e Climaticamente Neutras. Prazo até 8 de outubro.

Cidadáns

- ImpactAS 2. Prazo até 13 de marzo.
- Roots4Rights. Prazo até 20 de marzo.
- Cohesión social e polarización. Prazo até 31 de marzo.
- Igualdade de xénero 2026. Prazo até 28 de abril.

Relacións externas

- Organizacións da sociedade civil. Cabo Verde. Prazo até 16 de marzo.
- Organizacións da sociedade civil en Moldova en 2026. Prazo até 31 de marzo.
- Medios de comunicación independentes en Serbia. Prazo até 31 de marzo.
- Economía azul e sustentabilidade ecolóxica no Líbano. Prazo até 3 de abril.
- Sociedade civil en Bosnia e Herzegovina. Prazo até 6 de maio.

Mercado único e concorrência

- Ecosistema resiliente para potenciar as peme turísticas. Prazo até 18 de marzo.
- Erasmus para Emprendedores Xoves 2026. Prazo até 21 de abril.
- Programa innovador drons civís. Prazo até 15 de xuño.

Sociedade dixital

- Incubadoras de empresas de innovación rexional. Prazo até 23 de marzo.
- Bolsas do Programa Mestrado Phortify. Prazo até 3 de abril.
- Convocatoria de Bolsas AI4CI. Prazo até 17 de abril.
- Administracións públicas innovadoras e ligadas. Prazo até 19 de maio.
- Bolsas Phortify para obradoiros de mentoría. Prazo até 31 de maio.
- Bolsas Phortify para proxectos de teses. Prazo até 3 de febreiro de 2027.
- Bolsas de mobilidade Phortify. Prazo até 3 de febreiro de 2027.
- Bolsas de prácticas Phortify. Prazo até 3 de febreiro de 2027.

Cultura

- Cultura e solidariedade coa Ucraína. Prazo até 31 de marzo.

Asuntos marítimos e pesca

- Ordenación do espazo marítimo. Prazo até o 15 de abril.

Emprego e asuntos sociais

- Apoio ao diálogo social 2026. Prazo até 15 de abril.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Asistencia técnica para a xestión do risco de catástrofes. Prazo até 21 de abril.
- Coñecemento para a acción en materia de prevención e preparación. Prazo até 19 de maio.

Política agraria común

- Promoción de produtos agrícolas. Programas simples 2026. Prazo até 23 de abril.
- Promoción de produtos agrícolas. Programas múltiples 2026. Prazo até 23 de abril.

Ambiente, enerxía e clima

- Fondo de Investigación do Carbón 2026. Prazo até 6 de maio.
- Fondo de Investigación do Aceiro 2026. Prazo até 6 de maio.

Política rexional e de cohesión

- Capacidades de reparación de fíos submarinos. Prazo até 6 de maio.
- Proxectos transfronteirizos de obras de enerxía renovable. Prazo até 12 de marzo.
- Proxectos de estudos transfronteirizos sobre enerxías renovables. Prazo até 12 de marzo.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- «A alimentación é un dereito humano para todas as persoas! Garantir sistemas alimentarios sans, xustos e sustentables». Prazo até 7 de xaneiro de 2026,
- Exixir a suspensión total do Acordo de Asociación UE-Israel tendo en conta as violacións dos dereitos humanos cometidas por Israel. Prazo até 13 de xaneiro de 2012.
- Parar de financiar a guerra de Rusia: Eliminación progresiva das importacións prexudiciais e inútiles da Rusia para a UE. Prazo até 12 de febreiro de 2027.

Consultas públicas aos cidadáns

Xustiza e dereitos humanos

- Directiva sobre a protección de denunciantes: Avaliación. Prazo até 22 de abril.
- Directiva sobre os dereitos dos accionistas: Avaliación e revisión. Prazo até 6 de maio.

Sociedade dixital

- Servizos de comunicación audiovisual: Avaliación e actualización das normas da UE. Prazo até 1 de maio.

Ambiente e clima

- Obxectivos e os mecanismos de flexibilidade nacionais no marco da política climática da UE despois de 2030 – Revisión. Prazo até 4 de maio.
- Marco xurídico do posible uso de créditos internacionais de carbono para contribuír ao obxectivo da UE para 2040 en virtude da Lexislación Europea sobre o Clima. Prazo até 4 de maio.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos publicados no último mes considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Acordo sobre Comercio Dixital entre a UE e a República de Singapur.
- Regulamento (UE) 2026/261 do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xaneiro de 2026, relativo á eliminación gradual das importacións de gas natural ruso e á preparación para a eliminación gradual das importacións de petróleo ruso, á melloría da monitorización das potenciais dependencias enerxéticas e á modificación do Regulamento (UE) 2017/1938.
- Regulamento (UE) 2026/249 do Consello, de 26 de xaneiro de 2026, que fixa as oportunidades de pesca de determinadas poboacións de peixe nas augas da UE e, no caso dos navíos de pesca da UE, en determinadas augas non pertencentes á UE, para 2026, 2027 e 2028.
- Regulamento (UE) 2025/2643 do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro de 2025, que establece o Programa para a Industria Europea da Defensa e un cadro de medidas para asegurar a dispoñibilidade e a entrega oportunas dos produtos de defensa («Regulamento EDIP»). (Texto relevante para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2026/288 da Comisión, de 9 de febreiro de 2026, relativa á utilización de determinados materiais fertilizantes derivados de estrume.

Propostas legislativas

- Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO que establece o Fondo Temporal para a Descarbonización.
- Proposta de DIRECTIVA DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa á comercialización de microrganismos xeneticamente modificados e ao procesamento de órganos.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Estratexia Europea de Xestión do Asilo e da Migración.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Comunicación sobre as rexións orientais da UE que fan fronteira con Rusia, Bielorrusia e a Ucraína - Rexións fortes para unha Europa segura.
- CCMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Plano de Acción sobre a Seguranza con Drons e Contra-drons.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre a estratexia da política de visados da UE.

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Acelerar a transición de Europa para unha economía circular: Un proxecto piloto para impulsar a circularidade dos plásticos.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Dereito institucional

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-572/23 P](#), anulou as decisións do Parlamento Europeo de suspender a inmunidade de Carles Puigdemont, Antoni Comín e Clara Ponsatí. O nomeamento do relator para as peticións de levantamento da inmunidade foi contraria ao requisito de imparcialidade.

[Resumo da sentenza.](#)

Ambiente

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-364/24](#) e [C-393/24](#), resolveu que en determinadas condicións, os estados membros poden prohibir o cultivo de organismos xeneticamente modificados (OXM) nos seus territorios. O Tribunal de Xustiza confirma o procedemento que permite á Comisión, a petición dun estado membro, restrinxir a área autorizada para o cultivo dun OXM, co consentimento tácito do titular da autorización, e confirma a legalidade da prohibición do cultivo de millo MON 810 establecida en Italia con base nese procedemento.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-131/24](#), precisou os requisitos que debe cumprir un proxecto de estrada para garantir a protección das aves.

[Resumo da sentenza.](#)

Liberdade de establecemento

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-48/24](#), resolveu que a obrigaón imposta pola lei lituana a unha escola internacional privada de verificar se o seu corpo docente cumpre o requisito de dominar a lingua lituana pode infrinxir a liberdade de establecemento. Aínda que a lexislación estatal pareza adecuada para garantir o obxectivo lexítimo de defender e promover a lingua lituana, pode infrinxir a liberdade de establecemento debido aos métodos utilizados para comprobar o dominio da lingua polo corpo docente e á inexistencia de excepcións a este requisito lingüístico.

[Resumo da sentenza.](#)

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-471/24](#), resolveu que a obrigaón de fornecer información que recae sobre un banco non significa que os detalles da metodoloxía dun índice de referencia regulamentado utilizado para calcular unha taxa de xuro variable deban ser comunicados ao consumidor. A cláusula contractual que incorpora un índice de referencia como o WIBOR non crea, en principio e por si soa, un desequilibrio significativo entre as partes en detrimento do consumidor.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Empresas

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2025)0050] perante o TXUE por non traspasar a Directiva Delegada sobre o axuste dos criterios de dimensión para as micro, pequenas, medias e grandes empresas ou grupos [Directiva Delegada (UE) 2023/2775]. Para máis información, pódese consultar o [comunicado de prensa correspondente](#).

Emprego e asuntos sociais

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non notificar as medidas a través das cales a [Directiva \(UE\) 2023/2668](#), relativa á protección dos traballadores contra o amianto, é trasposta integramente para a súa lexislación. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Ambiente

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2214] por non cumprir as súas obrigacións ao abrigo da Directiva de Hábitats ([Directiva 92/43/CEE](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non ter notificado as medidas de transposición da [Directiva \(UE\) 2023/2123](#), que altera a [Decisión 2005/671/JAI](#) do Consello para asegurar a súa conformidade coas regras da UE en materia de protección de datos persoais. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Mercado interno

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non ter notificado as medidas de transposición da [Directiva \(UE\) 2024/2839](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Servizos financeiros e consumo

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non comunicar a transposición integral da Directiva relativa aos contratos á distancia de servizos financeiros [[Directiva \(UE\) 2023/2673](#)]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non comunicar a transposición integral da Directiva relativa aos contratos de crédito ao consumo [[Directiva \(UE\) 2023/2225](#)]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2196] por traspasar incorrectamente a Directiva sobre créditos hipotecarios ([Directiva 2014/17/UE](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar plenamente a [Directiva \(UE\) 2023/2226](#) relativa á cooperación administrativa no dominio da fiscalidade. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Transportes

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)4021] por non cumpriren as obrigacións que lles incumben nos termos do artigo 4.º, alíneas 3 e 4, do [Regulamento \(UE\) 2017/352](#) relativo aos servizos portuarios. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar plenamente a [Directiva \(UE\) 2023/2661](#) sobre sistemas de transporte intelixentes. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Producción industrial.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- PIB e emprego na eurozona.
- PIB na UE.
- Producción nos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Inflación anual na eurozona.
- Desemprego na eurozona.
- Consumo familiar real per cápita.

Outros datos

- Datos chave sobre o transporte.
- Estatísticas básicas.
- Pegada dos gases de efecto invernadoiro per cápita.
- Comercio de mercadorías.
- Correspondencia entre a área de educación e o posto de traballo.
- Peticións de asilo.
- Datos sobre a flota pesqueira.
- Rexistros de empresas e bancarrotas.
- Mediana de idade.
- Emisións de gases de efecto invernadoiro nas actividades económicas.
- Prezos da produción de enerxía.
- Euso enerxético nas actividades económicas.
- Mulleres con empregos científicos.

- Oferta de emprego.
- Utilización da IA.
- PIB real.
- Protección temporal.
- Propiedade e aluguer da vivenda.
- Uso de servizos na nube polas empresas.
- Dificultades para quentar a vivenda.
- Distancia ao centro de saúde máis próximo.
- Salario mínimo.
- Pasivos contingentes e empréstitos improditivos.
- Produción de enerxía nuclear.
- Tráfico de persoas.
- Prezo das terras agrícolas.
- Protección de datos na internet.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 04/2026: Materias primas fundamentais para a transición enerxética.
- Relatorio Especial 05/2026: Desprazamentos sustentables do domicilio ao lugar de traballo en zonas urbanas.
- Relatorio Especial 06/2026: Loita contra a fraude no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Relatorio Especial 07/2026: Plano Europeo de Loita contra o Cancro.
- Relatorio Especial 09/2026: Asociación Europea para a Innovación na política agrícola común.
- Ditame 05/2026.
- Ditame 06/2026.
- Ditame 07/2026.
- Ditame 08/2026.
- Ditame 09/2026.
- Ditame 10/2026.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

A UE na Defensa e no Espazo

Unha nova sondaxe do Eurobarómetro mostra a crecente percepción das persoas consultadas sobre as ameazas aos seus países no actual contexto internacional. A maioría delas confiaría tamén á UE o reforzo da defensa. O investimento nesta área é tamén considerado importante. Os programas espaciais da UE son vistos como instrumentos esenciais para abordar as cuestións da defensa e seguranza, do ambiente e do clima, e da competitividade.

Inquérito do Parlamento Europeo - outono de 2025

Nun escenario global en rápida transformación e repleto de desafíos, os cidadáns desexan que a UE actúe con unidade e ambición. A defensa, a seguranza e a economía son prioridades esenciais para o fortalecemento da UE, tanto dentro dos estados membros como a nivel internacional. As persoas consultadas están particularmente preocupadas con cuestións de seguranza, tales como conflitos e guerras en curso, alén de con cuestións sociais e dixitais, incluíndo a desinformación, a protección de datos en liña e contidos enganosos creados pola intelixencia artificial. Neste contexto, os cidadáns gustarían de ver a UE desempeñar un papel máis significativo na súa protección. A adhesión á UE continúa a ser considerada valiosa por unha gran maioría e a imaxe positiva da UE mantense elevada, aínda que diminuíse lixeiramente ao longo dos últimos meses. Os resultados da sondaxe Eurobarómetro do outono de 2025 apuntan para un chamamento á acción para unha UE máis forte no actual contexto internacional. Os xoves, en particular, teñen elevadas expectativas relativamente ao papel da UE e continúan a ser un dos máis fervorosos defensores do proxecto comunitario.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Coello de Portugal Magallón, María del Carmen. 2025. *La reforma del Tribunal de Justicia de la Unión Europea: Competencia prejudicial del Tribunal General*. Madrid: Romana Juridica.

Este libro analiza en detalle a recente reforma do sistema xudicial da UE, aplicada polo [Regulamento \(UE, EURATOM\) 2024/2019](#), que confire ao Tribunal Xeral xurisdición para requirir decisións prexudiciais. A decisión é a pedra basilar do sistema xudicial da UE e o instrumento fundamental que moldeou o dereito da UE ao longo dos anos. Como xoia da coroa do sistema, a decisión prexudicial foi sempre reservada exclusivamente ao Tribunal de Xustiza. Após a reforma, por primeira vez, o Tribunal Xeral poderá pronunciarse sobre cuestións prexudiciais. Trátase dunha reforma profunda e sen precedentes que afecta a propia esencia do dereito da UE. Lonxe de ser unha mera alteración organizativa ou funcional, a reforma implica unha alteración do equilibrio de poderes que afecta o cerne da UE e o seu desenvolvemento futuro. O libro examina a reforma tanto nunha perspectiva teórica como práctica. Non se limita a describir unha reforma regulatoria, analizándoa, situándoa no seu contexto e someténdoa a un exame crítico, antes de abordar as súas consecuencias prácticas e procesuais.

Stürner, Michael. 2025. *European Contract Law*. Louvain-la-Neuve: Intersentia.

Este volume presenta unha análise abrangente do dereito contractual comunitario. Analiza o crecente conxunto de normas de dereito privado a nivel da UE e a súa interacción co dereito interno e a metodoloxía xurídica. Isto inclúe novas características do dereito contractual, como os contratos intelixentes, os contidos dixitais e o dereito de reparación dos consumidores. As cuestións de escolla da lei aplicable, alén das cuestións de aplicación da lei no mercado interno, son exploradas en detalle para fornecer un panorama completo da obrigaación contractual no dereito privado comunitario. O libro está dividido en catro partes. A primeira establece os fundamentos institucionais e metodolóxicos do dereito contractual comunitario. A segunda trata do dereito contractual substantivo nas súas diversas formas e configuracións que evolucionaron no dereito da UE. A terceira parte analiza as cuestións transfronteirizas, nomeadamente o Regulamento Roma I sobre a lei aplicable ás obrigações contractuais. Por fin, a cuarta parte sitúa o dereito contractual comunitario no contexto máis vasto do dereito privado da UE, centrándose en cuestións como a coherencia, o papel dos tribunais e a Resolución Alternativa de Litixios.

Negre, Damien. 2025. *L'activité professionnelle en droit européen de la consommation: Étude d'un critère de qualification*. París: LGDJ.

Esenciais no dereito do consumo, as definicións de consumidor e profesional presentan obstáculos significativos cando se trata da súa respectiva clasificación xurídica. Moitas das dificultades que xorden decorren dun único concepto: a actividade profesional. A pesar do seu papel como criterio principal para ambas as categorías, nin a lexislación nin a xurisprudencia do TXUE fornecen unha definición que permita aos tribunais estatais avaliar facilmente o seu contido. Para remediar tal situación, este libro propón un método orixinal en tres etapas para analizar o concepto de actividade profesional, baseado nas especificidades do dereito comunitario. Como concepto distintamente autónomo, a análise da actividade profesional no dereito do consumo comunitario comeza necesariamente por un exame da súa finalidade, dado que a súa interpretación debe estar en conformidade cos obxectivos proseguidos polo lexislador comunitario. A seguir, procúrase resolver as discrepancias lingüísticas que a afectan, xa que é expresada a través de termos semanticamente diferentes, dependendo da lexislación e da lingua en que é redactada. Finalmente, o estudo do concepto conclúe coa determinación, á luz da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, dos elementos esenciais que os tribunais dos estados deben ter en consideración para efectos da súa caracterización.

Outras obras

Greiçevci, Labinot. 2025. *The EU-Western Balkans Future Relations: Exploring Liberal vs. Realist Scenarios*. Cham: Palgrave Macmillan.

Este libro ofrece unha análise abrangente da evolución das relacións entre a UE e os Balcáns Occidentais, adoptando unha perspectiva orientada para o futuro, para os próximos 5 a 10 anos. Estuda a complexa dinámica da integración e enxerga múltiples escenarios alternativos para as futuras relacións da rexión coa UE, considerando os potenciais desafíos e oportunidades que poderán xurdir neste proceso. O libro iníciase cunha discusión teórica a partir de diversas perspectivas que analizan o papel da UE nas relacións internacionais. Despois contextualiza as relacións entre a UE e os Balcáns Occidentais. Despois, olla para o futuro, presentando e analizando unha serie de escenarios alternativos para os próximos anos.

Clement, Thomas. 2025. *La qualification de montage purement artificiel par la Cour de justice de l'Union européenne*. Bruxelas: Bruylant.

O recoñecemento, polo Tribunal de Xustiza da UE (TXUE), do concepto dun expediente puramente artificial (en francés, «montage purement artificiel») marca un punto de inflexión na evolución da súa xurisdición na loita contra a evasión fiscal. Este libro realza o duplo papel do TXUE neste dominio: en primeiro lugar, un poder creativo, a través do cal desenvolveu un concepto que concilia dous obxectivos aparentemente contraditorios — preservar as liberdades fundamentais de circulación na UE, permitindo simultaneamente aos estados membros combater eficazmente a evasión fiscal; e segundo, un poder unificador, na medida en que este concepto xurisprudencial influenciou profundamente tanto o traballo da OCDE como o dereito derivado da UE, contribuíndo así a unha codificación parcial dos criterios antiabuso nos instrumentos xurídicos contemporáneos. A análise revela, con todo, que estas novas medidas legislativas, aínda que en gran parte inspiradas pola xurisprudencia, conteñen sutilezas textuais que poden entrar en conflito cos principios derivados do dereito primario da UE. Esta observación abre camiño a decisións prexudiciais, que este libro procura explotar. Ao trazar a xénese, a evolución e os efectos da noción de arranxo puramente artificial, o estudo destaca como o TXUE conseguiu reforzar a eficacia do combate á evasión fiscal, respectando simultaneamente o equilibrio fundamental entre a soberanía fiscal e a orde xurídica da UE.

Albert, Jean-Luc, e Fabrice Picod. 2026. *Le code des douanes de l'Union européenne et textes complémentaires: Textes, annotations et commentaires*. Bruxelas: Bruylant.

A UE ten a competencia exclusiva no dominio da unión aduaneira, que, complementada pola política comercial, confire a esta organización unha forte dimensión integradora. O Código Aduaneiro da UE, que actualmente rexe esta unión aduaneira, é a continuación dun proceso de codificación iniciado en 1992 co [Código Aduaneiro Comunitario](#) e, posteriormente, en 2008, co [Código Aduaneiro Modernizado](#). O actual Código Aduaneiro da UE baséase no Regulamento (CE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de outubro de 2013, que establece o [Código Aduaneiro da UE](#), o cal é aplicado pola Comisión a través de regulamentos de execución e regulamentos delegados. Esta implementación depende de varios intervenientes, nomeadamente dos estados membros, que deben dar plena eficacia a esta lexislación comunitaria. Este libro quere presentar e explicar o Código Aduaneiro da UE situándoo no seu contexto internacional e europeo.

ACTIVIDADES DO CEDE

Presentación para a procura de información sobre o dereito da UE

O persoal do CEDE realizou tres presentacións para estudantes de Dereito da USC, co obxectivo de familiarizalos coas principais plataformas en liña da UE relacionadas coa lexislación e a xurisprudencia comunitarias. Mostrouse o funcionamento básico de, entre outros sitios, [EUR-Lex](#) e [Curia](#).